

Incrible Glub

Edicións Xerais de Galicia vén de publicar na colección “Merlín” *Glub, o increíble peixe-bala* no que constitúe a terceira entrega de textos que teñen como protagonista ao vertebrado acuático de nome Glub que vive xunto a outros da súa mesma especie nun acuario de auga quente.

A autora, Isabel Freire, coñecida como Xefa de comunicación e protocolo da Radio e Televisión de Galicia iniciouse na publicación de libros destinados a un público infantil con *Glub contra Blef* e máis *Un susto para Glub*, dúas noveliñas do agrado dos rapaces que se adentran no mundo da lectura cun texto fácil e neste terceiro título cunhas curiosas ilustracións de Xan López Domínguez baseadas no trazo sinxelo e intencionadamente inxenuo.

A proximidade da festa anual é para os habitantes do acuario de David motivo de excitación; os preparativos de tal celebración teñen moi ocupados aos peixes: inventar unha frase xenial para o acontecemento, limpar o reci-

*Cando os animais
“falan”*



MARÍA NAVARRO



piente, buscar comida ou colocar pedriñas son algunhas das tarefas que pretenden levar a cabo para que todo quede

impecable. E nestas andan os animais cando advirten a chegada dun novo membro: Blan-Mora creará en Glub unha ilusión que o levará a tramar un plan que lle permita estar ao lado da nova amiga. Conseguiro dependerá da tenacidade coa que o intente e sentirse a gusto será cuestión de adaptación.

O mundo dos animais está cobrando na literatura infantil e xuvenil certa relevancia, o gusto polos seres dotados de movemento e sensibilidade fai medrar nos cativos sentimentos de aprecio, responsabilidade e respecto, moi útiles para o desenvolvemento integral da persoa e os escritores, atentos a estas potencialidades que presentan os animais, non dubidan en personificar-personalizar as súas actuacións e mesmo os seus pensamentos, amosando así, curiosamente, a parte “humana” de ditos seres e poñendo nos seus beizos razoamentos que poderían ter a súa lóxica entre as persoas, pero que carecen de sentido se os que “falan” son, como neste caso, peixes e esquecendo, quizais, o que de interesante ten o mundo animal: as súas leis internas.

FREIRE, Isabel, Glub, o increíble peixe-bala (ilustr. Xan López Domínguez), Ed. Xerais, Vigo, 2006, 61 páxinas